

*Tribunal Calificador:*

O Tribunal que calificará os exercicios da oposición, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: D. Benigno Rodríguez Quintas, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Baiona ou Concellal en quen delegue.

Vocais: D. Obdulio Iglesias Otero, Cabo de la Policía Local do Concello de Redondela, nomeado pola Consellería de Relacións Institucionais e admón.. Pública, en representación da Xunta de Galicia, a proposta da Academia Galega de Seguridade, como Titular e D. Miguel Ferrer Abilleira, Cabo da Policía Local do Concello de Pontevedra, como Suplente.

D.Manuel Besada Crespo, Jefe de Sección, designado pola Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, como Titular.

D. Pedro Alonso Fernández. Sargento de la Policía Local de Baiona, como Funcionario de carrera, como Titular y D. Placido Vieitez Pérez, Cabo de la Policía Local como Suplente.

D. Guillermo Durán Fernández, en representación dos traballadores como Titular e D. Bernardo Miniño Fortes, como Suplente.

Secretario: D. Alberto Freire Portas, Titular de la Corporación, ou funcionario en quen delegue.

*Comezo do Exercicio*

O Tribunal desta Oposición Libre, reunirse o día 25 de novembro de 2002, ás 10 da mañán na Casa Consistorial de Baiona, para o comenzo do 1º exercicio da oposición, según sinala a base VII das que rixen a convocatoria.

O que se fai público para coñecemento dos interesados e seguindo a normativa aplicable sobre a materia, sobre todo a Lei da Jurisdicción contencioso-administrativo, Lei 30/92, de 26 de novembro, sobre Réximen Xurídico das Administracións Común, R.D. 896/91, de 7 de xuño, e finalmente o R.D 364/95, de 10 de marzo.

Baiona, 4 de outubro de 2002.—O Alcalde, Benigno Rodríguez Quintas. 7353

\* \* \*

**A ESTRADA**

Aprobado polo Pleno o Regulamento Municipal de Pase de determinados funcionarios á segunda actividade e exposto ó público no BOP do 2 de agosto de 2002, e non habéndose producido reclamacións queda aprobado definitivamente. A entrada en vigor terá a publicación íntegra do mesmo no BO da Provincia.

**REGULAMENTO MUNICIPAL  
DE PASE DE DETERMINADOS FUNCIONARIOS  
Á SEGUNDA ACTIVIDADE**

De conformidade co Convenio asinado entre este Concello e os Sindicatos, aprobado polo Pleno en sesión de 19 de maio de 1995 e publicado no DOG do 10 de abril de 1996, nº 70, redáctase este Regulamento, para establecer as condicións nas que determinados funcionarios terán dereito a optar a postos vacantes da segunda actividade.

Artº 1.—Poderán solicitar postos da segunda actividade os funcionarios do Concello da Estrada pertencentes á Escala de Servicios Especiais, que ocupen postos de policía local ou persoal de oficios.

Artº 2.—Serán destinados á segunda actividade os postos de Conserxe dos Colexios Públicos reservados a funcionarios no cadro de persoal do Concello, ou outros de Conserxe noutras dependencias, excepto as de Conserxe do Concello e Notificador.

Artº 3. Para poder optar a estes postos requírese cumprir os seguintes requisitos:

a.—Ter cumprida a idade de 55 anos

b.—Sen ter cumprida a idade indicada, os que xustifiquen a insuficiencia de aptitudes psicofísicas que o imposibiliten para o exercicio das tarefas propias do seu posto de traballo.

Neste caso terán que xustificar igualmente, mediante certificado médico, que non están incapacitados para prestar os servicios propios do posto ó que opten.

O Concello poderá, se o considera oportuno, pedir ó solicitante que se someta ós recoñecementos médicos que estime pertinente.

Art. 4. A preferencia na adxudicación concederáse:

a. En primeiro lugar os maiores de 55 anos con insuficiencias psicofísicas.

b. En segundo lugar os que xustifiquen o padecemento destas insuficiencias, anque non alcancen a idade de 55 anos.

c. En terceiro lugar os que teñan cumpridos os 55 anos.

En todo caso e dentro de cada grupo, terán preferencia os de maior idade.

Art. 5.—Os que soliciten un posto de conserxe dun Colexio Público presentarán un certificado médico no que se faga constar que non padecen enfermidade infecto-contaxiosa ningunha.

Art. 6.—Para poder solicitar un posto da segunda actividade será requisito indispensable estar na situación de servicio activo durante os últimos tres anos.

Art. 7 O funcionario que pase a segunda actividade conservará as retribucións básicas correspondentes ó seu posto de orixe, e o Complemento de Destino. O Complemento Específico manterán ó do seu posto de orixe, se ben quedará conxelado ata que se iguale co novo destino.

Art. 8. O pase a segunda actividade non modificará a idade establecida para a xubilación forzosa, que seguirá sendo a do posto de orixe.

Art.9. Cando quede vacante unha praza das asignadas a segunda actividade o Concello a sacará a concurso, primeiro entre os funcionarios da mesma categoría e despois entre os que reúnan os requisitos para optar a segunda actividade. De non cubrirse o Concello incluíraa na oferta de emprego e sacará a oposición libre.

Artº. 10. Cando non exista vacante nas prazas que poden cubrirse mediante a segunda actividade e se produza o caso dun funcionario da policía local ou operario que teña disminuída a súa capacidade física para realizar as funcións propias do seu cargo, pero conserven as requiridas para outras funcións, a Alcaldía poderá, mediante a correspondente resolución, adscribilo a outras funcións ou a postos de traballo máis axeitados a ser posible dentro do Corpo e sen alteración do seu réxime retributivo.

Artº. 11. As baixas que se produzan no corpo, como consecuencia do pase dun funcionario a segunda actividade, consideraranse como prazas vacantes e proveranse na forma legalmente establecida.

A Estrada, 17 de setembro de 2002.—O Alcalde,  
Ramón Campos Durán. 7380

\* \* \*

## SALVATERRA DE MIÑO

### Anuncio licitación

De conformidade co disposto no art. 78 do R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, anúnciase subhasta de urxencia por procedemento aberto, para adxudicar o alleamento da parcela nº 30 do Polígono industrial Chan da Ponte, conforme ao seguinte contido:

#### OBJECTO DO CONTRATO

É obxecto da subhasta o alleamento da parcela sinalada ao número 30 do polígono industrial Chan da Ponte, en Salvaterra, con destino a instalación e posta en funcionamento dunha actividade industrial ou comercial. A súa descrición é a seguinte:

— Parcela nº 30: Urbana industrial, de 2.625,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte, máis terreo municipal; Sur, máis terreo municipal; Este, rúa; e, Oeste, Hros. de Emilio Lorenzo Porto.

#### CONDICIÓN DA ADXUDICACIÓN

O alleamento da parcela, leva implícitas as seguintes Condicións:

- Instalación nela dunha actividade industrial ou comercial, que deberá proporcionar, en primeiro establecemento, un mínimo 85 postos de traballo.
- As obras de instalación da actividade a radi-car na parcela deberán iniciarse no prazo de seis meses e a actividade terá de entrar en funcionamento no de dezoito meses, ambos prazos contados a partir da data de subscripción da preceptiva escritura pública de compra-venta.

O incumprimento das condicións establecidas anteriormente, xerará de xeito automático a anulación da adxudicación.

#### TIPO DE LICITACIÓN

Fíxase, á alza, en 55.230,00 euros.

#### PAGO

O pago do prezo ofertado efectuarase polo adxudicatario no momento da escrituración pública do alleamento.

#### PUBLICIDADE DOS PREGOS

Estarán de manifesto tódolos días hábiles nas Oficinas Municipais, Secretaría xeral, até o anterior da subhasta, inclusive.

#### GARANTÍA DEFINITIVA

O 4% do prezo de adxudicación de cadansúa das parcelas.

#### PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Durante os oito días naturais seguintes á publicación do presente anuncio no B.O. da Provincia.

#### APERTURA DE PROPOSICIÓN

Terá lugar ás 12 horas do seguinte día hábil ao da conclusión do prazo para presentación de proposicións.

#### MODELO DE PROPOSICIÓN

O recollido no Prego de Cláusulas.

Salvaterra de Miño, a 19 de setembro de 2002.—  
O Alcalde, ilexible. 7419